

Videofóruns: Dereito a unha vivenda

Chavolismo na Coruña

A cidade invisible

Entre os anos 50 e 60 as familias xitanas que percorrían os camiños en carros e cabalerías deixaron de viaxar e sedentarizáronse, obedecendo ás transformacións producidas na estrutura social e económica da sociedade española. Esta sedentarización deuse na meirande parte nas zonas urbanas na busca de alternativas económicas e laborais.

Os asentamentos supuxeron a posta en marcha de algúns mecanismos, escasos, de cara á integración social, como puido ser a escolarización, pero tamén un debilitamento do colectivo e da súa cultura, isto provocou un desaxuste que aínda hoxe está sen resolver en moitos casos.

Nos anos 60, no caso de A Coruña, comezaron a implantarse algunhas medidas municipais de realoxo en zonas periféricas que deron nacemento a asentamentos de infravivendas que aínda perduran hoxe, como é o caso do Campanario en O Portiño; outras familias quedaron ao marxe deste planes e seguiron nos asentamentos de chabolas. Posteriormente, nos anos 80, co motivo da construción dunha grande superficie comercial, desmantelouse o asentamento de chabolas que existía na zona de A Cubela, orixinando a creación de 3 novos asentamentos de chabolas: **Penamoa**, froito da intervención municipal de construción de barracóns provisionais, para aloxar ás familias de A Cubela; **As Rañas**, froito dunha iniciativa particular dunha familia gitana e mostra do seu desexo de normalización coa compra duns terreos no núcleo de Martinete-As Rañas; e **A Pasaxe**, onde se aloxaron xitanos convivindo con mercheros e portugueses nas naves abandonadas da “Conserveira Celta” e de “Jabones la Toja”. Todos estes casos perduran dende os anos 80 ata día de hoxe, apartados da sociedade e envoltos nun alto grao de vulnerabilidade e exclusión social.

Audiovisual

A pasaxe

A maxia da infancia, e as ilusións por mellorar a vida, sempre están presentes nas conversas das nenas e nenos que viven en Ponte Pasaxe, moitos xamais viron nin visitaron unha vivenda diferente a unha chabola, nin sequera se fan a idea de cómo sería unha mellora na súa vida que os igualara en dereitos e condicións ao resto de nenos e nenas da cidade.

A traves de dínámicas de convivencia e traballo social-educativo por parte do equipo de profesionais e voluntarios de ASF-G cos nenos e nenas de A pasaxe, xerouse un clima de confianza entre a entidade e as familias do poboado, logrando así por en marcha proxectos que apostan por unha transformación e sensibilización social e unha mellora na calidade de vida dos podoadores do asentamento.

Pedra papel

Con este título presentamos esta actividade, na que xuntamos a once cativos do asentamento nun espazo alleo ao seu entorno. A proxecto consiste na elaboración dunha “mini reportaxe”,

onde o guión debe saír de xeito natural e comunitario, entre as conversas e xogos que se deseñaron para o desenvolvemento das xornadas.

Produto destes encontros logrouse coñecer as motivacións, os soños, as inquedanzas e as manifestacións que os máis pequenos de A pasaxe teñen ante a vida.

Estas historias de vida foron gravadas en audio e video, xerando así o recurso do que xurdiu a elaboración do guión do Audiovisual **“Pedra papel”**.

O texto que se narra, foi extraído dos parlamentos que se xeraron entre os nenos e nenas nas actividades, intentando conservar o máximo posible as súas exposicións.

